

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE OUTUBRO DE 2024 POLA QUE SE RESOLVE O XXI PREMIO DE MAQUETAS DE MÚSICA CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO**

De conformidade co establecido nas bases da resolución reitoral do 10 de maio de 2024 pola que se convocou, entre outros, o XXI premio de maquetas de música da Universidade de Vigo, á vista da proposta elevada polo Xurado nomeado para esta modalidade e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

**RESOLVE:**

Outorgar os XXI premios de maquetas de música ás persoas que se relacionan:

**Primer premio**

| Participante            | Título obra       | Importe (euros) |
|-------------------------|-------------------|-----------------|
| Daniel Fernández Filloy | Unha certa cara B | 850 €           |

**Segundo premio**

| Participante     | Título obra           | Importe (euros) |
|------------------|-----------------------|-----------------|
| Sara Gimeno Ares | Lo que no suelo decir | 450 €           |

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte, da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor,  
Por delegación R.R. do 31/10/2023 (D.O.G. do 10 de novembro)  
A vicerreitora de Extensión Universitaria  
Susana Reboreda Morillo

